



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE DECEMBRO DE 2020

1. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/110/2020.

LICENZA DE OBRAS DE CONSTRUCCION DE EDIFICIO COMERCIAL E ESTACIÓN DE SERVIZO

Acéptase cesión de terreo destinado a viario de 272 m2 e concédese a VALDÉS NÚÑEZ, S.L. licenza de OBRA NOVA para a construción de edificio comercial e estación de servizo na RÚA PONTE DO ROMAÑO. As actuacións consistirán na construción dunha estación de servizo con zona de almacenamento de combustible e repostaxe, marquesiña, edificio comercial-café-bar e tenda e boxes de autolavado cunha ocupación de 741,88 m2, superficie construída total de 356,26 m2 , superficie útil de 325,28 m2 e altura de 5 metros.

2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/557/2019.

CONCESION DE LICENZA PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL DEDICADA A VENDA DE FERRAXES METÁLICOS

Concédese licenza DE OBRA NOVA para a construción de nave industrial dedicada a venda de ferraxes metálicos, na RÚA ANDALUCÍA. As actuacións consistirán na construción de nave de planta baixa, cunha ocupación de 450 m2, superficie útil de 435,80 m2, altura máxima 10 metros para destino de venda de material metálico.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/128/2020.

CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRAS PARA CONSTRUIR UN EDIFICIO COMERCIAL E UNHA ESTACIÓN DE SERVIZO DE COMBUSTIBLE

Concédese a COMERCIALIZADORA GALLEGA DE CARBURANTES S.L. licenza de OBRA NOVA para a construción de edificio comercial e estación de servizo na rúa CASTELA E LEÓN. As actuacións consistirán na construción dunha estación de servizo con zona de almacenamento de combustible e repostaxe, marquesiña, edificio comercial-tenda e edificio de cobro dunha planta, cunha ocupación de 521,67 m2 , superficie construída total de 84,17 m2 e altura máxima de 6,275 da marquesiña.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/616/2018.

CONCESION DE LICENZA PARA A SUBSTITUCION DE COBERTURA DA CUBERTA.

Concédese licenza para realizar a substitución de cobertura de cuberta no edificio situado na rúa Virxe da Cerca (da), 22.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1557/2019.

CONCEDER LICENZA PARA A SEGREGACIÓN DE PARCELA.

Concédese licenza para SEGREGACIÓN DE PARCELA en AVDA ROSALIA DE CASTRO (DE), 122.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2631/2004.

ACEPTAR A CESIÓN DE VIARIO FORMALIZADA EN ESCRITURA PUBLICA.

Acéptase a cesión de viario formalizada en escritura pública.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/108/2020.

AUTORIZAR A EXCEPCIONALIDADE DAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE E CONCESIÓN DE LICENZA PARA A REHABILITACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

Autorízase a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 03/11/2020 para rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa de Sar. Remítese copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e concédese licenza.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1695/2020.

CONCESIÓN DE LICENZA PARA A REGULARIZACIÓN DAS PARCELAS DE SOLO RÚSTICO.

Concédese licenza para a regularización de dúas parcelas de solo rústico en SIONLLA DE ARRIBA (A).

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1726/2020.

CONCESIÓN DE LICENZA PARA DIVISION PREVIA AGRUPACION DE PARCELAS EN SOLO RÚSTICO.

Concédese licenza para agrupar e dividir dúas parcela en tres parcelas novas.

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/689/2020.

AUTORIZAR A EXCEPCIONALIDADE DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE E CONCESIÓN DE LICENZA PARA A REHABILITACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

Autorízase a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 01/12/2020 para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR situada na RÚA BELVÍS (DE). Remítese copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e concédese licenza.

11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1252/2020.

CONCESION DE LICENZA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PISCINA PRIVADA.

Concédese licenza para a construción duna PISCINA privada na parcela libre situada na RÚA OLVIDO (DO).

12. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/676/2020.

CONCESION DE LICENZA PARA REHABILITACION DE VIVENDA.

Concédese licenza para a REHABILITACIÓN DE VIVENDA situada na RÚA OLVIDO.

13. PATRIMONIO. Referencia: PTM/104/2019.

CORRECCIÓN DE ERROS PRODUCIOS NA SESIÓN DE 2.11.20, POLO QUE SE ACORDA ARRENDAR DIRECTAMENTE Á FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL O LOCAL SITO NA PLANTA BAIXA DA PRAZA DE SALVADOR PARGA, 4- 6.

Rectifícase un erro material que consta no acordo de 2 de novembro de 2020 da Xunta de Goberno Local polo que se acorda arrendar directamente á Fundación Galicia Obra Social o local situado na planta baixa da Praza de Salvador Parga 4-6 no seguinte sentido: Onde dí "Autorizar o gasto polo importe de 2.904,00 na partida 040 33403 2020000 22020005849 (CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR)" debe dicir: Autorizar e comprometer o gasto correspondente ás mensualidades de novembro e decembro de 2020 por un importe total de 2.400 euros máis 504 de ive con cargo a aplicación orzamentaria 040 33403 2020000 (CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS.

14. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/92/2020.

INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE AO PAZO DE XELMÍREZ

Apróbase o proxecto básico e de execución de MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DE XELMÍREZ redactado polos arquitectos Salvador Fraga Rivas e Celestino García cun orzamento base de licitación de 94.786,15 € (IVE incluído) e un prazo de execución de tres meses.

15. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: xob/358/2020.

INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE REXENERACIÓN E REFORZO DOS PAVIMENTOS DE RODAXE NOS VIARIOS MUNICIPALES 2020

Apróbase o proxecto técnico de REXENERACIÓN E REFORZO DOS PAVIMENTOS DE RODAXE NOS VIARIOS MUNICIPALES 2020. O orzamento máximo de licitación é de 355.371,90 € + 74.628,10 € de IVE (21%) = 430.000,00 €. O prazo de execución é de 4 meses.

Actuarase nos seguintes viais:

1. Rúa de Bermejo
2. Rúa de Suarribas
3. Rúa de Eslovenia
4. Rúa de Polonia-Rúa de Amio
5. Rúa da Campiña
6. Rúa do Bidueiro
7. Rúa da Granxa do Castiñeiriño
8. Rúa de Torrente-Rúa da Ponte da Rocha

16. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/39/2020.

APROBACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO “EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DA FESTA DO CASTIÑEIRIÑO PARA USOS POLIVALENTES” (CON/39/2020)

Acórdase a aprobación do expediente denominado Execución das obras de acondicionamento do campo da festa do Castiñeiriño para usos polivalentes e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 371.750,74 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 78.067,66 euros.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/41/2020.

SERVIZO DE MANTEMENTO SELECT DAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS BENTLEY POWERMAP e MICROSTATION DE BENTLEY SYSTEMS INTERNATIONAL LTD. CON/41/2020

Acórdase a aprobación do expediente denominado Servizo de mantemento SELECT das aplicacións informáticas BENTLEY POWERMAP e MICROSTATION de Bentley Systems International Ltd e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado, establecéndose un tipo de licitación de 23.143,56 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 4.860,15 euros.

Anualidade 2021: 14.001,85 euros.

Anualidade 2022: 14.001,86 euros.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/66/2020.

SUBMINISTRACIÓN DUNHA REDE DE TELECOMUNICACIÓNS E MOBILIDADE PARA A SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA 2014-2020. CON/66/2020.

Acórdase a aprobación do expediente denominado Subministración dunha rede de telecomunicacións e mobilidade para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciada polo fondo europeo de desenvolvemento rexional dentro do programa operativo FEDER plurirrexional de España 2014-2020 e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 227.272,73 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 47.727,27 euros.

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

19. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2020/DC01.

DAR CONTA DE APROBACIÓN E PAGAMENTO DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DA DEPUTACIÓN PARA ACTIVIDADES DOS CENTROS SOCIOCULTURAIOS DO RURAL ANO 2019.

Dáse da aprobación da documentación presentada polo Concello de Santiago de Compostela para a xustificación da subvención nominativa concedida para financiar “O programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2019”. Dáse conta do aboamento da aportación concedida por importe de 140.000,00 euros.

20. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2020/00001517L.

DAR CONTA DA SINATURA DO CONVENIO COA ACADEMIA GALEGA DO TEATRO.

Dáse conta da sinatura do convenio coa Academia Galega do Teatro.

21. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00004388S.

DAR CONTA DA COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA, DE 4.12.20, POLA QUE SE SOLICITA AO CONCELLO A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS EN RELACIÓN CO CONTROL DA COVID-19.

Dáse conta da citada comunicación, na que se pide, ante a maior mobilidade social, extremar as tarefas de control.

22. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00004388S.

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

Dáse conta.

URXENCIAS

1. DEPORTES. 3482/2020. Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Ciclista Compostelano, 2020.

Apróbase o texto de convenio co Club Ciclista Compostelano no que se recolle unha subvención nominativa por valor de **4.800 euros**.

2. DEPORTES. 3483/2020. Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Gallega de Kárate y DA para o desenvolvemento do Campionato Galego de Kárate Infantil Xunta de Galicia 2020.

Apróbase o texto de convenio coa Federación Gallega de Kárate e Disciplinas Asociadas no que se recolle unha subvención nominativa por valor de **3.500 euros**.

3. CONTRATACIÓN. CON/37/2020. Reaxuste anualidades Proxecto SMARTIAGO – Licitación CPI para desenvolver un sistema intelixente de recollida de RSU -

cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020. CON/37/2020

Acórdase autorizar o reaxuste das anualidades do contrato *Proxecto SMARTIAGO – Licitación CPI para desenvolver un sistema intelixente de recollida de RSU - cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, do seguinte xeito:*

Anualidade 2021: 178.596 euros.

Anualidade 2022: 267.894 euros.

(Anteriormente, as anualidades dividíanse en 2020: 44.649 euro e anualidade 2021: 357.192 euros)

4. 2020/00004388S. Dar conta do auto do Xulgado do Social nº 2. Procedemento ETJ 38/2020.

Dase conta do cumprimento da sentenza.

5. XESTIÓN DE PERSOAL. EXP. ACTUALIZACION RPT. MODIFICACION PARCIAL DA RELACION DE POSTOS DE TRABAJO (RPT). CARACTERÍSTICAS DA PRAZA DE ÓRGANO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.

Apróbase inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Santiago de Compostela para crear o posto de traballo coas seguintes características:

- . Denominación: Titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade”
- . Forma de provisión: Libre Designación
- . Grupo: A, subgrupo: A1
- . Nivel: 30 (complemento específico 28)
- . Escala: persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . Subescala: Intervención- Tesouraría
- . Categoría: entrada (2ª)

Acórdase dispor a apertura dun trámite de información pública por prazo de 20 días hábiles, a fin de que todos os interesados poidan presentar as reclamacións, suxestións e alegacións que estimen pertinentes. Para o caso de que non se formulen alegacións ou reclamacións, este acordó elevarase a definitivo e procederáse á publicación da RPT no Boletín Oficial da Provincia e remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 30 días.

6. SRB/813/2020. CONVENIO DE COLABORACION CON MERCADO DE ABASTOS S.COOP.G.

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración, do que se achega un orixinal, entre o Concello de Santiago de Compostela e a mercantil Mercado de Abastos de Santiago, sociedade cooperativa galega conforme ao artigo 22.2º da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e a aprobación do gasto por importe de **10.000 euros**.

7. EXP. NOMEAMENTO DIRECTORA URBANISMO. NOMEAMENTO DA DIRECTORA DE ÁREA DE URBANISMO E OBRAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Acórdase que conforme aos artigos 127.1.i e 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como artigo 64 do Regulamento Orgánico do Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela, publicado no BOP núm. 45, do 6 de marzo de 2012) se nomee a dona ANA ISABEL PRIETO FLÓREZ como directora da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Santiago de Compostela, por ser a candidata máis idónea de todas as persoas presentadas en relación ós criterios recollidos nas bases da convocatoria.

8. CONTRATACIÓN. Addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (GAÍN) e o Concello de Santiago de Compostela para o proxecto Smartiago.

Apróbase a sinatura dunha addenda ao convenio asinado con GAÍN para o financiamento do proxecto Smartiago, *cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020*. A través desta addenda, o convenio axústase aos cambios realizados no convenio co MICI (Ministerio de Ciencia e Innovación), aos novos prazos de xustificación do FEDER establecidos polo MICI, e á evolución xeral do proxecto.